




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Oleiros. Parroquia: Santa María de Dexo; San Xíán de Serantes, na parte máis occidental. Extensión: 1,87km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estreita nun extenso Sector acantilado, no que potentes e recortadas paredes verticais teñen vertentes superiores de pendente en xeral suave ou moderada. As vertentes son moi curtas debido á proximidade do interfluvio costeiro.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarxistos, de idade precámbrico-silúrica. Ao oeste da Punta de Santo Antón aparece unha banda de anfíbolitas antehercínicas. Ao este desta alórganse dúas estreitas bandas de xistos filíticos. Na punta de Seixo Branco aflora un dique de pórfido granítico.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a precipitación media acumulada durante o ano sitúase entre 1000mm e un máximo de 1200mm. A amplitude térmica anual rolda os 13°C.

#### OS SOLOS

Os solos da unidade son pouco evolucionados, en concreto, un umbrisol dístrico no sector máis costeiro da fachada norte e un cambisol eútrico nas partes altas das vertentes e na costa Seixo Branco.

#### AS AUGAS

Tramo acantilado carente de rede fluvial significativa, tan só con pequenas valgas de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da parte exterior da Ría de Ares e Betanzos (20097).

#### O PATRIMONIO NATURAL

A unidade por completo está incluída no Monumento Natural Costa de Dexo. É unha costa acantilada dominando o hábitat 1230 de cantís atlánticos. Zona de claro abandono agrario e con importancia dos cultivos forestais, onde non dominan estes –que forman algunha masa mixta – se desenvolve nas vertentes suaves un mato moi degradado que acolle potencialmente os hábitats: 4030, breixos secos europeos; 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans; e nalgunha valga, posiblemente algunha zona de breixo húmido asimilable ao 4020. O leito que desemboca na praia de Dexo achega 1ha de bosque ripícola (91E0).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A práctica totalidade do solo da franxa litoral, duns 200 metros de largura, non ten un aproveitamento produtivo por parte do home. Encóntrase, do mesmo xeito que na unidade limítrofe de Punta Torrella, cuberta por formacións vexetais costeiras. No límite meridional da unidade, no Alto das Pezocas e ao longo da estrada, unha parte considerable do solo está ocupada por usos residenciais. Consérvase unha área importante destinada a labores agrícolas, a coñecida como "Agra da Canle", que nace no núcleo de Dexo e se desenvolve nunha suave valga ata a praia de mesmo nome. No resto do territorio, prima o uso forestal a través da repoboación mediante formacións mixtas.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo de Dexo, cabeza parroquial formado pola unión dos diferentes casaríos de Buinte, Torre e Codesal, é o asentamento máis importante que se acha nesta unidade, no seu bordo meridional. Os tres casaríos, que orixinariamente estaban separados por parcelas agrícolas, experimentaron un crecemento ao longo das estradas que os une mediante un tecido moi pouco denso composto fundamentalmente por vivendas unifamiliares, a maioría das veces desvinculadas dos labores agropecuarios. O resto da unidade mantense bastante preservado da actividade edificatoria, aínda que se detecta unha tendencia nova a ocupar os terreos da agra que baixa cara á costa.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Esta unidade caracterízase por ter unha rede viaria feble, na que a maior parte do territorio está servido por pequenas vías que se apoian na estrutura tradicional de agras e pistas forestais, con moi pouco impacto na paisaxe. A vía máis importante que pasa polo ámbito é unha estrada secundaria que, comezando en Lorbé, atravesa o núcleo de Dexo e remata en Mera. Practicamente delimita a unidade polo seu extremo meridional, e é na que se apoian os crecementos que recentemente experimentou o asentamento de Dexo.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

De entre os numerosos depósitos arqueolóxicos que se encontran na zona, na unidade de costa de Dexo encontramos o Castro de Punta Roza, separando este ámbito do de Punta Torrella polo este, o Castro de Subiña, no extremo suroccidental e o castro coñecido como Castromén, próximo ao núcleo de Dexo. Neste asentamento, ademais, están catalogados a igrexa parroquial de Santa María e o Campo da Festa.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase da unidade de maior extensión das que constitúen o límite norte da gran península que forma o Concello de Oleiros (Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán), consideradas no seu conxunto á hora de analizar os seus valores paisaxísticos. Caracterízanse por formar unha sucesión de cantís costeiros con enseadas e esteiros e pequenos illotes (elementos entre os que destacan a punta de Seixo Branco no extremo oeste, a illa A Marola na zona central da unidade e o portelo de Dexo, fronte á Marola), cunha liña de costa moi recortada e tras a que se encontra unha superficie continental de pouco desenvolvemento. Trátase en xeral dun ámbito con moi poucas intervencións antrópicas cun grao moi alto de conservación da estrutura orixinal do territorio. Nesta unidade, porén, figuran numerosas pegadas da actividade humana, especialmente en torno onde ao asentamento de Dexo e as terras de cultivo vinculadas a el.

## DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán (o que se pode clasificar como conxunto da Costa de Dexo) sufriron unha evolución paralela da súa paisaxe, xa que seguiron as mesmas dinámicas de ocupación e as mesmas modificacións do sistema de organización do territorio. Se antes se trataba dun medio fortemente traballado, cunha actividade agrícola máis ou menos intensa pero que chegaba case ata a liña litoral, na actualidade boa parte destas parcelas agrarias abandonáronse, especialmente aquelas máis afastadas dos asentamentos e máis próximas á costa. Nesta unidade destaca a grande integridade e continuidade coa que se conservou a "agra da Canle", mentres que a práctica totalidade do resto das parcelas dedícanse agora a usos forestais ou están abandonadas e cubertas por vexetación costeira de mato.

## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto paisaxístico que conforma a Costa de Dexo (as unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán) é un medio de especial valor xeomorfolóxico e ecolóxico, recoñecido como tal mediante a clasificación como Lugar de Interese Comunitario Costa de Dexo, ademais de ser un Espazo de Interese Xeomorfolóxico e declarado Monumento Natural no ano 2000. Un 27% da área está ocupada por hábitats naturais de interese comunitario, entre os que destaca a vifauna propia de cantís mariños que xa non se encontra, co nivel de integridade que aparece aquí, noutro lugar do golfo Ártabro. Por outra banda, a Illa da Marola reside no imaxinario colectivo dos que navegan a ría da Coruña, como o seu límite exterior cara ao mar aberto, por ser o elemento máis setentrional da mesma, pero tamén pola bravura que este adquire neste medio. Nesta unidade, ademais de encontrar uns cantís de especial valor na parte oriental e zonas de singular preservación das características naturais, desenvólvense tamén fenómenos antrópicos que non necesariamente teñen que desvirtuar os valores da devandita paisaxe. As terras cultivadas que baixan ata o Praia de Dexo, aínda que presentan algún fenómeno de urbanización, contribúen a entender mellor o territorio e as súas dinámicas históricas. Xéranse ademais neste punto conexións transversais, que permiten ler a costa desde o interior, e viceversa. Desde a Punta Seixo Branco, o extremo occidental da costa, obtéñense visións lonxitudinais do conxunto da unidade e da unidade limítrofe de Enseada de Canaval, así como unha visión de longo alcance sobre a cidade da Coruña.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



